



PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

**CEIP PLURILINGÜE SANTA MARÍA
AS PONTES**

ÍNDICE

0. Introducción
1. Marco lexislativo
2. Comisión de profesorado participante na redacción deste proxecto
3. Descrición do centro
4. Análise sociolingüística do noso centro
 - 4.1 Situación do profesorado
 - 4.2 Situación do alumnado
 - 4.3 Ambientalidade lingüística no colexio
5. Distribución lingüística curricular
 - 5.1 En Educación Infantil
 - 5.2 En Educación Primaria
6. Medidas tendentes á impartición dun currículo integrado
 - 6.1 Criterios metodolóxicos básicos en todas as linguas
 - 6.2 Medidas tendentes á impartición dun currículo integrado en relación á diversidade
7. Obxectivos xerais
 - 7.1 Alumnado
 - 7.2 Profesorado
 - 7.3 Centro
8. Liñas de actuación para o fomento da Lingua Galega
9. Liñas de actuación para o fomento da Lingua Estranxeira (Inglés)
10. Propostas de actuación para a dinamización lingüística
 - 10.1 Celebración das festas populares
 - 10.2 Participación en actividades
 - 10.3. Programa Plurilingüismo
 - 10.4 Programa de Auxiliar de Conversa
 - 10.5 Programa Plurininfantil
 - 10.6 Cartelería e adornos do centro
 - 10.7 Proxecto de fomento do uso do galego
 - 10.8 Plan de lectura e Plan de Biblioteca Escolar (PLAMBE)
11. Conclusións

0. INTRODUCCIÓN

A linguaxe xoga un papel fundamental na formación do alumnado xa que é a ferramenta principal de comunicación, de socialización e de aprendizaxe, polo tanto deberá ser un eixo vertebrador da nosa planificación. Debemos establecer neste plan as actuacións para a mellora da competencia en comunicación lingüística e para logralo é necesario que nel estea implicado todo o profesorado.

Neste curso 2023-2024 elabórase un novo Plan Lingüístico de Centro segundo indica o Decreto 79/2010, do 20 de maio, que terá una vixencia de catro anos, facendo anualmente a addenda correspondente.

Este PLC forma parte do Proxecto Educativo de Centro, tendo como función fundamental a de fomentar entre o alumnado o coñecemento e uso das dúas linguas cooficiais de Galicia, e o Inglés, tendo en conta tamén a realidade social e o contexto de globalización en que vivimos, que nos sitúa nun espazo internacional de plurilingüismo.

Partirase dun tratamento integrado das tres linguas e a colaboración de todo o profesorado implicado nelas. O obxectivo último será formar cidadáns e cidadás capaces de interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida.

1. MARCO LEXISLATIVO

As bases lexislativas para a elaboración deste Proxecto Lingüístico de Centro están contidas en:

-Constitución española.1978

Artigo 3: *As outras linguas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades autónomas...*

Artigo 20: *...respectando o pluralismo da sociedade e das diversas linguas de España.*

-Estatuto de Autonomía. 1981

Artigo 5: *A lingua propia de Galicia é o galego.*

Artigo 31: *Competencia plena da Comunidade Autónoma na administración do ensino en toda a súa extensión.*

-Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, de conformidade con disposicións precedentes, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

oficiais de Galicia e posibilita a incorporación da lingua galega á Administración, ao ensino e aos medios de comunicación públicos, favorecendo un cambio de tendencia na súa consideración social e na incorporación do idioma a novas esferas da vida social. O artigo 14 desta lei indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais.

-Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Este decreto di textualmente nos seus primeiros parágrafos o seguinte:

As linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. ´

Sinala tamén que A lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

Con este Decreto a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades implantou de xeito experimental os centros plurilingües en Galicia durante o curso 2010-2011, como parte do proceso de fomento da diversidade lingüística e cultural da súa política educativa e do que forman parte programas como a Anticipación da Primeira Lingua Estranxeira, os Cursos para a formación complementaria de aprendizaxe de linguas estranxeiras ou o Plan de Seccións Bilingües. Esta implantación experimental permitiu, por unha banda, incrementar a presenza da lingua estranxeira como lingua vehicular e por outra favorecer a transferencia entre as linguas que se imparten nos centros educativos galegos tanto nas destrezas comunicativas como nas destrezas académicas, mediante a concreción de medidas tendentes á impartición dun currículo integrado das linguas no proxecto lingüístico de centro.

-Recomendación 2006/986/EC da Unión Europea e do Consello, onde se indica que *A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral.*

-LOMLOE Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a LOE de 2006. Recolle os obxectivos formulados pola Unión Europea para que as linguas sexan un medio para a construción da cidadanía europea, co fin de favorecer a mobilidade entre as persoas e o intercambio cultural e lingüístico. As accións e recomendacións emanadas da Comisión Europea e do Consello de Europa nos últimos anos veñen configurando as políticas lingüísticas e a innovación en educación lingüística dos distintos países membros da Unión, ao considerar a **competencia en linguas como un recurso económico e social indispensable** dentro, e máis aló, dunha Europa cultural e lingüisticamente diversa.

-DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Nos principios pedagóxicos (artigo 16) considérase que os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

- [Decreto 150/2022, de 8 de setembro](#), polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma. No que a Administración educativa afianza a ampliación dun programa plurilingüe na Educación Infantil que ten como obxectivo favorecer a consolidación do modelo plurilingüe, así como promover a progresiva incorporación deste enfoque na etapa educativa de infantil para lograr que todos os centros sostidos con fondos públicos participen nesta iniciativa.

2. COMISIÓN DE PROFESORADO PARTICIPANTE NA REDACCIÓN DESTE PROXECTO

O grupo de traballo para a elaboración do PLC formouse segundo o artigo 14.2 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia : O proxecto lingüístico será redactado por una comisión do profesorado do centro, nomeada polo equipo directivo e oída a comisión de coordinación pedagóxica. Formarán parte dela, como mínimo, os xefes/as dos departamentos de linguas e o coordinador/a do equipo de dinamización de lingua galega. Será aprobado e avaliado polo consello escolar do centro educativo.

Profesorado integrante do grupo de traballo encargado da elaboración do PLC :

Rodrigo López-Felpeto Beres (Director)

Rocío Graña Iglesias (Xefa de estudos)

Yaiza Linaje Álvarez (Secretaria e Coordinadora da Biblioteca)

Santiago Sayáns Amo (Coordinador do EDLG)

Iria Coello Alonso (Mestra de Inglés e Coordinadora do Plurilingüismo)

3. DESCRICIÓN DO CENTRO

O *CEIPP Santa María* está situado no núcleo urbano da vila das Pontes de García Rodríguez.

É un edificio principal construído grazas aos cartos enviados polos emigrantes ponteses na cidade de La Habana, ao que posteriormente se lle engadiu outro que respecta totalmente a arquitectura e estética do elemento inicial.

Conta con 2 unidades de Ed. Infantil e 6 de Ed. Primaria. Ademais das aulas de cada titoría temos outra para infantil por se fixera falta unha terceira unidade, que se emprega para AL, unha aula de Música, Orientación, PT, Relixión e Informática. O espazo adicado a Usos Múltiples serve tamén para as clases de E. Física cando a climatoloxía non permite realizalas no patio exterior. A Biblioteca está dentro do PLAMBE e está moi ben equipada.

4. ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO NOSO CENTRO

Para esta análise utilizáronse distintos métodos: a observación da realidade, a consulta de fontes secundarias de información (Mapa Sociolingüístico de Galicia, censo de poboación...) e enquisas e cuestionarios realizados ás familias que permitiron coñecer os datos da realidade do noso alumnado.

Poderíase dicir que estamos nun contorno galego falante no que as xeracións dos avós e avoas manteñen una actitude favorable cara á lingua, cada vez máis dificultada pola falla de factores que favorezan o potenciamento e a valoración da lingua galega fronte a calquera outra e en calquera ámbito.

Se ben é certo que o noso alumnado está de diferentes xeitos en contacto cotiá co galego, a presenza do castelán é cada día máis forte, constatando que boa parte do noso alumnado utiliza esta lingua na comunicación cos pais e cos compañeiros e que as familias educan aos fillos maioritariamente en castelán aínda que os ascendentes sexan galego falantes. Todo isto conleva unha gran dificultade na transmisión xeracional da lingua galega.

O galego é sempre a lingua empregada nas notificacións ás familias, comunicacións administrativas, coas entidades asociativas, rotulación etc.

4.1 SITUACIÓN DO PROFESORADO

O equipo docente está formado por un total de 13, 10 con destino definitivo e 3 con destino provisional; cóntase ademais cunha mestra de Relixión e a orientadora compartidas con outros centros da localidade. Están todos eles capacitados para empregar calquera das dúas linguas oficiais da comunidade, e 4 mestres posúen tamén a especialidade en lingua inglesa.

De cara á utilización do galego no ámbito educativo, un 100% considera que a adquisición de dúas ou máis linguas enriquece aos alumnos.

A metade do profesorado son galegofalantes e a outra metade castelánfalantes. Máis a grande maioría utiliza indistintamente as dúas linguas.

4.2 SITUACIÓN DO ALUMNADO

Neste curso 2023-2024 contamos cun total de 119 alumnos matriculados.

A procedencia do alumnado é basicamente urbana e dun entorno castelán falante. Os alumnos procedentes do rural son minoría e normalmente teñen o galego como lingua materna constatándose que, debido á influencia ambiental, van falando cada vez menos á hora de comunicarse cos compañeiros. Consideramos que o alumnado que emprega o galego como lingua vehicular non supera o 25%.

O alumnado inmigrante procedente de varios países é cada vez máis numeroso, incrementándose especialmente o número de alumnos procedentes de países árabes e

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

hispanoamericanos. En moitas ocasións, a lingua materna é a lingua de procedencia e a competencia das familias en galego é escasa, ou mesmo nula.

Obsérvase nos alumnos unha baixa tendencia a usar o galego de xeito espontáneo na súa expresión oral e escrita. Isto fainos reflexionar na necesidade de seguir potenciando o uso da lingua galega na maioría das actividades do noso centro para poder acadar así a competencia comunicativa desexada, equiparada á de lingua castelá, tal e como especifica o Decreto.

En lingua galega e tamén en lingua inglesa, as competencias lingüísticas dos alumnos son bastante boas a nivel da escrita, non podendo dicir o mesmo a nivel oral, tendencia que se trata de reverter.

4.3 AMBIENTALIDADE LINGÜÍSTICA NO COLEXIO

O uso e fomento do galego na vida do centro constátase:

- Na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas dos taboleiros etc (100%).
- Uso do galego nas comunicacións escritas coas familias e con outras institucións (concello, outros colexios...) (100%).
- Emprego da lingua galega por parte do persoal non docente (50%).
- Emprego do galego nas notificacións da ANPA (100%).
- Dotación de fondos en galego na biblioteca xeral (libros, revistas, CD, DVD ...) (50%).
- Dotación de fondos en inglés (libros, revistas, CD, DVD...) (10%) .
- Presenza das linguas galega e inglesa na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación (50%).
- Visibilidade das accións do EDLG e do realizado nas sesións de inglés no relativo a festas e celebracións tradicionais e ás de obrigado cumprimento (100%).

Partindo da nosa realidade lingüística marcámonos como obxectivo prioritario incrementar os niveis de uso do galego, fomentando especialmente a lingua oral, a súa valoración positiva e a súa recuperación, tentando utilizala en calquera tipo de contexto, non só no ámbito académico senón tamén nos diferentes aspectos da vida do centro.

5. DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR

A distribución lingüística no presente curso escolar 23-24 axústase ao establecido no Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no tocante ao reparto das asignaturas impartidas en lingua galega, lingua castelá ou lingua estranxeira.

5.1 EN EDUCACIÓN INFANTIL

A lingua materna predominante do alumnado foi determinada polo centro de acordo co resultado dunha pregunta en modelo oficial, que foi efectuada aos pais, nais ou titores legais antes do comezo do curso escolar 23-24.

Unha vez coñecido o resultado das enquisas, determínase que dos 9 alumnos matriculados no 1º nivel da 2ª etapa de Educación Infantil, 6 teñen como lingua materna o castelán e 1 o galego e 2 as dúas, resultando unha porcentaxe dun 80% de castelán falantes e un 20% de galego falantes.

De acordo co decreto do plurilingüismo, o profesorado usará na aula a lingua castelá e procurará que o alumnado adquira de forma oral e escrita o coñecemento da lingua galega dentro dos límites da etapa ou ciclo, procurando manter una atención individualizada ao alumnado segundo a súa lingua materna e coa finalidade de lograr o obxectivo de equilibrar as dúas linguas ata acadar o 50%.

Terase en conta a porcentaxe maioritaria para levar a cabo o proceso de ensino aprendizaxe, aplicando as actividades e estratexias citadas no desenvolvemento deste Proxecto Lingüístico que se consideran imprescindibles para acadar as competencias nas linguas que se contemplan. No Proxecto de Desenvolvemento do Programa Plurilingüe tamén aparecen detallados de forma exhaustiva os obxectivos, contidos, metodoloxía e recursos empregados para acadar as diversas competencias en lingua estranxeira (inglés).

A distribución é a seguinte:

- En lingua castelá, para o método globalizado que seguen nas diferentes aulas.
- En lingua galega impártense as TIC, Psicomotricidade, Animación á lectura, Música ...
- En lingua inglesa impártense a Lingua Estranxeira (Inglés) e a Educación plástica e visual (Arts).
- Introducción ás TIC para contribuír ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística dende todos os ámbitos.

5.2 EN EDUCACIÓN PRIMARIA

No artigo 6 do Decreto establécese que se garantirá a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

O noso centro tendo en conta o plurilingüismo asegura que o galego se imparte alo menos na mesma porcentaxe de horas semanais que as que se imparten en castelán. Cando non é posible a igualdade, favorecemos a impartición destas materias en galego:

1º Ed. Primaria

EN LINGUA GALEGA	EN LINGUA CASTELÁ	EN LINGUA ESTRANXEIRA (Inglés)
Lingua galega (4 horas)	Lingua castelá (4 horas)	Lingua inglesa (2 horas)
C. Naturais (3 horas)	Matemáticas (5 horas)	Ed. Plástica e Visual (1 hora)
C. Sociais (2 horas)	Ed. Física (2 horas)	
Relixión/P. Competencial (1 hora)		
Música e Danza (1 hora)		
TOTAL: 11 HORAS	TOTAL: 11 HORAS	TOTAL: 3 HORAS

2º Ed. Primaria

EN LINGUA GALEGA	EN LINGUA CASTELÁ	EN LINGUA ESTRANXEIRA (Inglés)
Lingua galega (4 horas)	Lingua castelá (4 horas)	Lingua inglesa (2 horas)
C. Naturais (2 horas)	Matemáticas (5 horas)	Ed. Plástica e Visual (1 hora)
C. Sociais (3 horas)	Ed. Física (2 horas)	
Relixión/P. Competencial (1 hora)		
Música e Danza (1 hora)		
TOTAL: 11 HORAS	TOTAL: 11 HORAS	TOTAL: 3 HORAS

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

3º Ed. Primaria

EN LINGUA GALEGA	EN LINGUA CASTELÁ	EN LINGUA ESTRANXEIRA (Inglés)
Lingua galega (4 horas)	Lingua castelá (4 horas)	Lingua inglesa (3 horas)
C. Naturais (3 horas)	Matemáticas (4 horas)	Ed. Plástica e Visual (1 hora)
C. Sociais (2 horas)	Ed. Física (2 horas)	
Relixión/P. Competencial (1 hora)		
Música e Danza (1 hora)		
TOTAL: 11 HORAS	TOTAL: 10 HORAS	TOTAL: 4 HORAS

4º Ed. Primaria

EN LINGUA GALEGA	EN LINGUA CASTELÁ	EN LINGUA ESTRANXEIRA (Inglés)
Lingua galega (4 horas)	Lingua castelá (4 horas)	Lingua inglesa (3 horas)
C. Naturais (2 horas)	Matemáticas (4 horas)	Ed. Plástica e Visual (1 hora)
C. Sociais (3 horas)	Ed. Física (2 horas)	
Relixión/P. Competencial (1 hora)		
Música e Danza (1 hora)		
TOTAL: 11 HORAS	TOTAL: 10 HORAS	TOTAL: 4 HORAS

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

5º Ed. Primaria

EN LINGUA GALEGA	EN LINGUA CASTELÁ	EN LINGUA ESTRANXEIRA (Inglés)
Lingua galega (4 horas)	Lingua castelá (4 horas)	Lingua inglesa (3 horas)
C. Naturais (3 horas)	Matemáticas (4 horas)	Ed. Plástica e Visual (1 hora)
C. Sociais (2 horas)	Ed. Física (2 horas)	
Relixión/P. Competencial (1 hora)		
Música e Danza (1 hora)		
TOTAL: 11 HORAS	TOTAL: 10 HORAS	TOTAL: 4 HORAS

6º Ed. Primaria

EN LINGUA GALEGA	EN LINGUA CASTELÁ	EN LINGUA ESTRANXEIRA (Inglés)
Lingua galega (4 horas)	Lingua castelá (4 horas)	Lingua inglesa (3 horas)
C. Naturais (2 horas)	Matemáticas (4 horas)	Ed. Plástica e Visual (1 hora)
C. Sociais (2 horas)	Ed. Física (2 horas)	
Relixión/P. Competencial (1 hora)		
Música e Danza (1 hora)		
Ed. en Valores Cívicos y Éticos (1 hora)		
TOTAL: 11 HORAS	TOTAL: 10 HORAS	TOTAL: 4 HORAS

6. MEDIDAS TENDENTES Á IMPARTICIÓN DUN CURRÍCULO INTEGRADO

- Fomentarse o uso oral e escrito das tres linguas que se imparten no centro.
- Intentarase equiparar o material bibliográfico, fonográfico, multimedia... nas diferentes linguas: castelán, galego e inglés.
- Proporcionaráselles aos membros da comunidade educativa información sobre actividades, actos e institucións culturais relacionadas co seu contorno lingüístico para que poidan participar nelas.
- Animarase aos membros de toda a comunidade educativa a empregar o galego nas distintas actividades escolares do curso.
- Fomentarse a pluralidade lingüística con celebracións, conmemoracións e festivais, nun contexto cultural globalizado.
- Traballaranse distintos aspectos da cultura tradicional e recopilarase información no entorno familiar e cultural, valorizando o respecto polo noso patrimonio material e inmaterial.
- Participarase en actividades complementarias que xurdan durante o curso a prol das dúas linguas oficiais, así como na lingua estranxeira (inglés).
- Realizarase a lectoescritura nas diversas linguas, intentando superar as eivas de materiais editados en galego (revistas, libros, cómics...).
- Farase uso das TIC potenciando o uso das dúas linguas oficiais, así como o inglés, utilizando programas didácticos axeitados a cada idade.
- Programaranse actividades de animación á lectura.
- Promoverase o desenvolvemento dun currículo integrado das linguas para favorecer a transferencia dos coñecementos e as competencias dunha lingua a outra.

6.1 CRITERIOS METODOLÓXICOS BÁSICOS EN TODAS AS LINGUAS

- **Uso comunicativo da lingua:** fomentarse o uso oral das linguas, cunha actitude participativa do alumnado e comprendendo a utilidade dos idiomas á hora de comunicarse.
- **Aprendizaxe significativa:** partirase sempre dos intereses do alumnado, atendendo ás súas experiencias, capacidades e coñecementos previos, para construír aprendizaxes a partir do que xa saben.
- **Traballo colaborativo:** potenciarase o traballo colaborativo nas distintas tarefas e actividades da clase; neste punto xoga un papel importante o uso das TIC.
- **A transversalidade** será una constante na metodoloxía.

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

- **Adaptada ao Marco Común Europeo de Referencia para as linguas**, será globalista e socialmente ecolóxica.
- **A diversidade** estará presente dentro do traballo diario ao realizarse tarefas con distinto grao de dificultade.
- Metodoloxía **centrada no alumnado**, que posibilite a autoaprendizaxe, a realización de tarefas e toma de decisións en grupo, proporcionando oportunidades de comprobar que a aprendizaxe na aula ten una aplicación práctica fóra da contorna escolar.
- **O libro de texto** será un recurso máis a empregar, subordinándose sempre o seu uso á metodoloxía anteriormente exposta.

6.2 MEDIDAS TENDENTES Á IMPARTICIÓN DUN CURRÍCULO INTEGRADO EN RELACIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade contemplarase dando resposta individualizada segundo as características propias de cada alumno, adaptando tempos, ritmos, metodoloxías e mesmo contidos e obxectivos a desenvolver, traballando nunha competencia comunicativa á cal contribúan todos os coñecementos e destrezas adquiridos en todas as linguas nas que se imparte o currículo, relacionándose entre si e interactuando, dando lugar a una competencia comunicativa plurilingüe.

Actualmente contamos con alumnado inmigrante procedente doutros países, sobre todo árabes, que coñecen en maior ou menor grao o castelán, pero cun entorno familiar no que a lingua materna é a dos seus países de orixe. Outra parte deste alumnado procede de Hispanoamérica e teñen coñecemento do castelán, pero non do galego.

Unha parte deste alumnado naceu xa no noso país pero a lingua que falan no seu ámbito familiar é a dos seus países de procedencia, sendo a competencia das familias en galego moi escasa, ou mesmo nula.

Cando se incorpore ao noso centro un alumno inmigrante adoptaranse as seguintes medidas:

- Avaliación inicial do seu grao de competencia nas tres linguas contempladas no noso centro plurilingüe.
- Determinación por parte do orientador do centro da necesidade de recibir unha atención específica por parte dos especialistas de PT e AL, ou no seu caso unha adaptación da programación para o logro paulatino das competencias lingüísticas nas tres linguas.

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

- Creación de actividades específicas de acollida por parte do profesorado, simultáneo á escolarización nos grupos ordinarios conforme ao nivel e á evolución da súa aprendizaxe.
- Apoio individualizado na aula co titor ou titora, utilizando no inicio da súa escolarización preferentemente unha das linguas cooficiais, introducindo progresivamente o uso das outras linguas do currículo.
- Fomentar a súa integración e interacción co grupo clase.

As medidas expresadas anteriormente resúmense no emprego dunha acción tutorial, en medidas curriculares (reforzo educativo, adaptación curricular e flexibilización da idade escolar) e organizativas (Grupo de adquisición de linguas, Grupos de adaptación curricular).

Todo o exposto anteriormente farase amparándose no artigo 4º da Orde do 20 de febreiro de 2004 (DOG nº 40 do 26 de febreiro), polo que se establece que as xefaturas territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria avaliarán en todos os centros que escolaricen alumnado procedente do estranxeiro os recursos existentes e as necesidades derivadas desa escolarización, co propósito de propiciar as dotacións necesarias para levar a cabo as atencións establecidas na citada Orde.

7. OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos propostos servirán de criterio e de referencia á definición do contido das actividades e de fío condutor de todas as actividades levadas a cabo.

Para a elaboración dos obxectivos tivéronse en conta os textos oficiais nomeados na introdución e a análise das necesidades comunicativas do noso alumnado.

Partindo de que a meirande parte dos membros da nosa comunidade educativa é castelán falante, os obxectivos están enfocados a acadar unha maior competencia lingüística en galego. Debemos ter en conta que a aprendizaxe do castelán e do inglés conta co apoio dos medios de comunicación, as TIC, a sociedade en xeral... polo que o galego debe verse reforzado desde os centros educativos.

Todos os obxectivos teñen unha dobre finalidade: actuar a curto prazo e sentar as bases que permitan establecerse a longo prazo.

7.1. ALUMNADO

Cos seguintes **obxectivos** preténdese conseguir alumnos plurilingües:

- Utilizar a lingua oral con fins lúdicos e para a expresión do cotiá.
- Consolidar as principais estruturas de todas as linguas empregadas en situacións de comunicación oral e escrita, incidindo nos fenómenos fonéticos que caracterizan a cada unha delas.
- Desenvolver no alumnado o gusto pola aprendizaxe das tres linguas e a súa cultura.
- Conseguir que os alumnos sexan tolerantes coa utilización por parte dos seus compañeiros de calquera das tres linguas.
- Diseñar proxectos cara á consolidación das tres linguas no centro, eliminando os prexuizos en relación ao galego.
- Participar do programa educativo Auxiliar de Conversa.
- Tomar conciencia da lingua como transmisora da cultura propia e da unión entre as persoas.
- Utilizar as TIC como medio de aprendizaxe das linguas, de información e de vehículo de comunicación.

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

- Empregar tanto a lingua oral como a escrita para comunicarse con outras persoas que compartan diferente orixe pero o mesmo espazo xeográfico, recoñecendo a existencia da diversidade lingüística como feito cultural enriquecedor.
- Fomentar o traballo cooperativo con outros centros educativos da localidade e outros organismos (intercambio de experiencias e fonte de recursos).
- Participar activamente no Plan de Lectura do Centro.
- Facer uso dos coñecementos sobre a lingua e sobre as normas de uso lingüístico para falar e escribir axeitadamente nas distintas actividades e contextos.
- Aceptar e facilitar a integración dos alumnos estranxeiros ou orixinarios doutras CCAA.
- Perder a vergoña de falar nunha lingua diferente da materna.
- Desenvolver estratexias de aprendizaxe autónomas na oralidade e na escrita.
- Contribuír ao desenvolvemento das competencias clave.

7.2. PROFESORADO

- ❖ Organizar a información recibida para vertebrar a realización das actividades.
- ❖ Fomentar o emprego das TIC entre o profesorado e o grupo de alumnos como elemento prioritario na propia actividade do centro.
- ❖ Favorecer o traballo cooperativo co entorno familiar do alumnado e con toda a comunidade educativa.
- ❖ Converter o centro no lugar de encontro de toda a comunidade educativa.
- ❖ Traballar cunha liña interdisciplinar.
- ❖ Fomentar o uso do galego entre todos os membros da comunidade educativa coas actividades formativas a desenvolver neste proxecto.
- ❖ Aprender a utilizar con progresiva autonomía todos os medios ao seu alcance, incluídas as novas tecnoloxías, para obter información e para comunicarse na lingua estranxeira (Inglés).

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

- ❖ Manifestar unha actitude receptiva e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira (Inglés). Recoñecer o valor comunicativo das linguas estranxeiras e a propia capacidade para aprender a usalas.

7.3. CENTRO

Dado que a presenza do galego no centro xa se conseguiu no rotulado, documentación administrativa, comunicación cos pais, notas informativas, lingua empregada por unha porcentaxe de persoal docente e non docente..., os obxectivos prioritarios son:

- Seguir potenciando o uso da lingua galega por parte da comunidade escolar.
- Implicar de maneira activa aos membros da comunidade educativa.

En canto á lingua estranxeira (Inglés), os obxectivos principais serán:

- Buscar, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito na lingua estranxeira.
- Establecer relación entre aspectos culturais de diferentes países.

8. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

- Implicar a toda a comunidade educativa na normalización do galego.
- Procurar a comunicación oral e escrita en galego cos interlocutores da nosa comunidade autónoma.
- Manter a docencia en galego nas áreas reflectidas no apartado 5.
- Celebración das festas tradicionais: Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas e outras actividades que contribúan á revalorización da nosa cultura, proporcionando recursos ao profesorado.
- Propiciar hábitos de lectura na casa, na biblioteca de aula e na de centro.
- Colaborar coas diferentes coordinacións e equipos de centro: Equipo de Actividades Extraescolares, Convivencia, Plan de Lectura, Biblioteca, TIC.
- Contribuír á eliminación de prexuízos ou trabas lingüísticas, en calquera situación.
- Prestixiar o galego como lingua vehicular, instrumento indispensable da nosa cultura.
- Investigar e promover novas alternativas á formación tradicional.
- Diseñar, planificar e implantar actividades utilizando as novas tecnoloxías, creando un clima positivo de participación do alumnado, do profesorado, das familias e de posibles entidades colaboradoras, transmitindo una imaxe innovadora e moderna do centro.
- Evitar calquera tipo de enfrontamento lingüístico.
- Introducir a problemática sociolingüística como tema de reflexión.
- Intentar que o uso do galego na vida diaria do centro ocupe una posición idéntica á do castelán.
- Incluir todas as linguas empregadas polo noso alumnado para o coñecemento multicultural e o fomento do respecto polas mesmas

9. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)

- Valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias e culturas diversas.
- Empregar o inglés como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.
- Expresarse oralmente e por escrito en situación sinxelas e habituais, adquirindo una progresiva autonomía.
- escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas.
- Manifestar una actitude receptiva e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira, recoñecendo o seu valor comunicativo e a propia capacidade para aprender a usalas.
- Ler, de xeito comprensivo e autónomo, textos escritos dun nivel adecuado ás capacidades e intereses dos alumnos.
- Valorar a axuda que supón o coñecemento das linguas estranxeiras para comunicarse con persoas doutras culturas e para participar nas relacións internacionais e noutros ámbitos da actividade humana.
- Coñecer os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, establecendo relación entre eses aspectos culturais e os propios.
- Comprender que o Inglés converteuse en lingua global e en parte esencial da alfabetización do século XXI.
- Realizar a clase de Inglés en Inglés sempre que o alumnado o entenda; se a comunicación resultase imposible, recurrirase ao galego ou castelán pero procurando sempre volver canto antes ao inglés.
- Comunicarse oralmente con certa autonomía será o obxectivo prioritario.
- Empregar sistemáticamente as novas tecnoloxías para a aproximación á pronuncia e entoación adecuada da lingua inglesa.
- Participación do profesorado no programa de Auxiliares de Conversa.
- Participación nas actividades propostas polo Concello sobre Teatro en inglés e Obradoiros de inglés oral.

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

- Rotulación nos tres idiomas.
- Utilizar sempre que sexa posible os tres idiomas nas actividades: cancións, libros de mochila viaxeira...

10. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN PARA A DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Moitas das actividades propostas atópanse enmarcadas dentro das conmemoracións e celebracións que teñen lugar ao longo do curso escolar.

Outras actividades fórmulanse dun xeito plurianual e desenvólvense en varias fases ao longo de diversos cursos.

10.1 CELEBRACIÓN DAS FESTAS POPULARES

- **O Samagosteen**

Celebración na derradeira semana de outubro con utilización de unidades didácticas en galego e inglés, a través das cales o alumnado investigará sobre as orixes desta festa, lendas celtas e vocabulario relacionado con ela. Samáin-Magosto-Halloween

Tamén se traballará o cultivo e uso das cabazas, con ambientación do colexio sobre o traballado neste tema.

Rondando estas datas, se celebra o tradicional Magosto contando coa colaboración da ANPA.

- **O Nadal**

Festival de panxoliñas e dramatizacións navideñas nas distintas linguas: galego, castelán e inglés.

Realización de murais, postais e ornamentación do colexio con elementos propios destas datas, empregando na medida do posible materiais de refugallo.

Información ás familias dos posibles libros de lectura nas distintas linguas, cos que poden agasallar nestas datas.

Estudo de personaxes tradicionais como Os Reis Magos, O Apalpador e Santa Claus.

Canción interpretada nas tres linguas, coa súa posterior grabación e difusión.

- **A Paz**

Conmemoración na última semana de xaneiro.

Utilización de unidades didácticas para incidir nos valores de solidariedade, paz e tolerancia.

Elaboración de materiais que plasmen a idea que se quere resaltar e que quedarán expostos nos corredores do centro.

Actividade colectiva e simbólica no patio na que participará conxuntamente todo o alumnado.

Manifestación do noso compromiso para manter a paz ao noso arredor, empregando fundamentalmente para isto a linguaxe musical.

- **O Entroido**

Estudo do Entroido tradicional nas diversas zonas de Galicia.

Elaboración de murais e caretas alusivos á festa.

Selección dun único tema para a confección do propio disfraz por parte de cada alumno, proceso supervisado polas titoras. O disfraz terá una pequena variación nas cores ou motivos, unificando por niveis.

Recuperación da tradición das coplas populares. Inventar coplas divertidas e críticas.

Desfile de disfraces ata diante da Casa do concello, onde se interpretará una copla por parte de todo o alumnado. Posterior celebración festivo- gastronómica coa colaboración do concello e da ANPA.

- **Semana das Letras Galegas**

Traballo sobre o autor ao que se lle adique o Día das Letras Galegas.

Elaboración de murais, poesías e cantigas populares galegas para favorecer a transmisión delas.

Celebración dun Festival de fin de curso no que a través de cantigas, dramatizacións, recitados, música, bailes... coñezamos, ensalcemos e defrutemos da nosa cultura, recoñecendo a nosa lingua como o mellor signo de identidade.

- **Día de Europa**

O día de Europa, cada 9 de maio, celébrase a paz e a unidade en Europa. Esta data marca o aniversario da histórica «Declaración Schuman», na que este manifestou a súa idea dunha nova forma de cooperación política en Europa.

10.2 PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES

Ao longo de todo o curso participárase en concursos, exposicións e actividades que fomenten o uso das nosas linguas e que poden ser propostos por distintos organismos, dando prioridade aos que procedan da Consellería de Educación e do Concello das Pontes.

Aproveitarase tamén a programación cultural do concello no relativo a música e teatro, así como actividades de dinamización doutros organismos tales como editoriais, Normalización do concello, biblioteca municipal...

Realizaranse rutas culturais pola vila e arredores, co fin de dar a coñecer o noso patrimonio aos alumnos e poñelo en valor.

10.3 PROGRAMA PLURILINGÜE

O CEIPP Santa María foi incluído dentro da Rede de Centros Plurilingües de Galicia desde o curso 2013-2014, traballando no desenvolvemento dunha única competencia comunicativa nas tres linguas presentes no currículo e intentando acadar o dominio de cada una delas separadamente.

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Así comenzamos a incluír progresivamente a Plástica en Inglés nos distintos cursos da Educación Primaria. Foi a raíz de participar en este programa cando pasamos a solicitar o programa de auxiliar de conversa.

10.4 PROGRAMA DE AUXILIAR DE CONVERSA

Dende o curso 2013-2014 participamos no **programa educativo AUXILIAR DE CONVERSA**, contando durante 16 horas lectivas semanais cun nativo/a de fala inglesa para favorecer a comprensión e a oralidade do alumnado.

O Auxiliar acude nos meses de outubro a maio a unha das sesións de lingua inglesa de cada nivel, co fin de fomentar estratexias orais e mellorar a competencia comunicativa dos alumnos. Tamén apoiará ás mestras especialistas de inglés nos cursos en que está implantado o Programa Plurilingüe e no Programa Plurininfantil.

10.5 PROGRAMA PLURILINGÜE NO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL (PLURINFANTIL)

O CEIPP Santa María foi incluído no programa plurilingüe no segundo ciclo de educación infantil (plurininfantil) no curso escolar 2021-2022. A nosa participación no programa supón que os alumnos de infantil teñen a Educación Plástica e Visual en lingua inglesa, impartida polas mestras especialistas de inglés coa auxiliar de conversa.

10.6 CARTELERÍA E ADORNOS DO CENTRO

Elaboración de pósters e material visual e manipulativo nas tres linguas e incluso tamén algunha outra como o árabe pola influencia do alumnado con este idioma, para que se cinta integrado e tamén para fomentar a multiculturalidade, incidindo nos aspectos comúns e nas diferencias evidentes.

Establecer normas comúns na presentación dos traballos.

Interrelacionar o vocabulario das tres linguas.

10.7 PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega elabora un Proxecto de fomento do uso do galego para desenrolalo dun xeito bianual. Conta cunha programación de actividades relacionadas co idioma e coas distintas conmemoracións.

10.8 PLAN DE LECTURA E PLAN DE BIBLIOTECAS ESCOLARES (PLAMBE)

No noso centro todas as propostas de actividades están relacionados co proxecto integral da Biblioteca e de ahí xurden tamén as actuacións do Plan Anual de Lectura. Tentamos fomentar a lectura con libros, publicacións periódicas, contos, poesía, teatro ou narrativa nos tres idiomas

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Empregamos diversos recursos educativos e soportes de lectura.

Mantemento da páxina web do centro e dos distintos blogs (Inglés e biblioteca), para difundir as actividades relacionadas coa lectura.

Visita de contacontos con actividades nas tres linguas.

Inclusión nas Mochilas Viaxeiras de cada nivel de distintos materiais nas tres linguas e relacionado co Proxecto.

Elaboración e publicación dunha revista anual.

11. CONCLUSIÓNS

O Proxecto lingüístico de Centro do CEIPP Santa María de As Pontes marca as liñas de actuación para o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística nas tres linguas que estamos tratando, partindo dunha análise da realidade do noso centro. Sen esquecer outras linguas que forman parte do noso centro e ás que temos que dar cabida tamén en certa medida para fomentar a multiculturalidad.

É un documento aberto, que deberá ser complementado, avaliado e corrixido ao longo dos catro anos nos que terá vixencia.

Esixe un esforzo de coordinación entre todo o profesorado das distintas etapas e dos niveis educativos co fin de lograr o obxectivo fundamental que é mellorar a competencia en comunicación lingüística.

O PLC ten que ser una ferramenta de investigación-acción en constante construción e aberto a todos os elementos que forman parte da nosa comunidade educativa, así como ás institucións do contorno.

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Este PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO foi aprobado polo Consello Escolar na súa reunión de de de 2023.

Vto e Prace:

O director

A secretaria

Asdo.: Rodrigo López-Felpeto Beres

Asdo.: Yaiza Linaje Álvarez

En As Pontes, a de de 2023